

GRIAL 244 (O.N.D. 2024) REPENSAR O HUMOR DE FERNANDEZ DE LA VEGA



VARIOS

SYNOPSIS

Unhas letras para Cilistro
MARÍA XESÚS VÁZQUEZ LOBEIRAS

O conxunto de estudos que se abordan neste monográfico de GRIAL que pecha o ano, comprende traballos de persoas que nos dedicamos á filosofía universitaria e, con máis ou menos fortuna, tamén á tarefa de pensar, ben que con tan escasa coma non indeseable repercusión fóra das nosas aulas e das nosas vidas. Hai tamén un cuarto traballo dunha filóloga e investigadora rosaliana, a quen precede a súa sona como muller que pensa. Xuntámonos aquí co gallo de dedicarlle unhas letras á primeira figura indiscutible do pensamento galego: Celestino Fernández de la Vega (1914-1986), Cilistro, posición gañada, sabemos que sen pretendelo, en virtude do rango filosófico da súa obra principal, O segredo do humor (Ed. Galaxia, 1963), así como do brillo e elegancia dos textos breves publicados postumamente baixo o título de Ensaíos a proba do tempo (Ed. Galaxia, 2009), sen esquecer a audacia da súa edición de Heidegger: Da esencia da verdade (Ed. Galaxia, 1956), que confrontou a censura franquista co gallo de anoar o pensamento galego ao centroeuropeo.

Cilistro non produciu unha obra extensa, pero afitou o tiro ao tratar o tema que lle propuxeron os editores de Galaxia: o humor. Pero Cilistro non fixo o que lle pediron, non investigou só sobre o humorismo galego, senón que abordou o tema dun xeito universal e con tanta fondura como rigor, como non podía por menos que facelo unha cabeza xenuinamente filosófica. Baixo este impacto xorden os traballos deste número: Antonio Blanco Salgueiro confróntanos coa actualidade do tema do humor no ámbito da filosofía da linguaxe de tradición anglosaxoa e oriéntanos sobre a retranca dende a óptica da teoría dos actos de fala de Austin. Amoesta levemente a Cilistro por esquecer que, precisamente, a fala cotiá é camiño aberto onde nace o humor, sobre todo se o debemos considerar como expresión da mentalidade dun pobo nunha situación sociohistórica determinada. Máis próximo á tradición filosófica continental, Óscar Parcero Oubiña pond...



Editorial	EDITORIAL GALAXIA S.A.
Subject	GRIAL
Collection	GRIAL
EAN	9789200190698
Status	Dispoñible
Binding	Tapa blanda
Pages	184
Size	270x185x0 mm.
Price (Tax inc.)	13,50€
Release date	27/12/2024

Related Titles

